

EDICTO

Asunto: Sometemento a información pública do proxecto de equidistribución do PERI 2-R Sánchez Aguilera, aprobado inicialmente

O 30.08.2022 a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente o proxecto de equidistribución do PERI 2-R Sánchez Aguilera, e acordou sometelo a información pública por un mes no BOP, DOG e nun periódico de maior difusión da provincia xunto co “*Convenio entre el Instituto de Vivienda, Infraestructura y equipamiento de la Defensa y el ayuntamiento de Ferrol para la enajenación de varias propiedades ubicadas en dicho municipio*” que figura como Anexo do dito proxecto.

De acordo cos artigos 270 e 401.3 do *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba do regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia*, sométese a información pública durante o prazo dun mes, prazo que comezará a computarse dende o día seguinte ao da última publicación no BOP ou DOG.

O proxecto de equidistribución pode consultarse no enlace:
https://ferrol.gal/arquivos/descargas/Proxecto_equidistribucion_aprobado_inicialmente.pdf

Tamén pode consultarse na sede electrónica do Concello de Ferrol, ou de xeito presencial en Urbanismo (rúa María 52-54, 5º andar, en horario de 9:00 a 14:00 h de luns a venres), para o que deberase solicitar cita previa no teléfono 981 944 000, exts. 302/301.

As alegacións presentaranse dirixidas ao Servizo de Urbanismo e por calquera medio dos admitidos no artigo 16.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*.

Ferrol,

O concelleiro delegado titular da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.
(por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP 22/07/2019)
Julián Reina Villalón
(asinado dixitalmente)